



Ataque Escampe publica *Cabaliño lento*, un novo adianto de *Cabalgata*, o seu oitavo álbum

Neste terceiro avance, a banda traballa coas texturas electrónicas e os sintetizadores nunha evocadora letra que mestura imaxes medievais e contemporáneas

O vídeo da canción, a cargo de David Silva, xoga coa idea dos retratos filmados situando ao grupo na estrañeza dun recinto ecuestre

Con este sinxelo, Ataque Escampe revela tamén información sobre o LP *Cabalgata*, con cancións producidas polo Hevi e que estará dispoñible a finais de abril



Ataque Escampe © David Silva

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023.- O Ataque Escampe publicará mañá, venres 31 de marzo, *Cabaliño lento*, novo adianto do seu álbum *Cabalgata*, o que será o oitavo traballo de estudio de Ataque Escampe e que estará dispoñible a finais de abril. O tema, producido polo Hevi, acompañarase dun vídeo dirixido por David Silva.



O imaxinario dos cabalos é rico e variado ao longo da historia da arte. Cadros, filmes e cancións teñen xogado con el, levándonos da épica dos westerns ou os retratos ecuestres á realidade do traballo agrario ou a maxia festiva que na infancia nos traen os carruseis e as cabalgatas de Reis. No seu novo sinxelo, ***Cabaliño lento***, Ataque Escampe entra nesta tradición á súa maneira, presentando **unha canción delicada, construída sobre texturas electrónicas, na que o cabalo é parte do relato dunha despedida incerta**. En troques de épica ou maxia, amosa unha vulnerabilidade tranquila que aparece (igual que as imaxes de cabalos) a miúdo en *Cabalgata*, o álbum da banda para o que *Cabaliño lento* serve de terceiro adianto.

Despois do achegamento á música disco de *Lamborghini* e o synth-funk de *Viaxamos a Miami*, con este tema **Ataque Escampe continúa achegándose a diferentes estilos sen abandonar unha perspectiva pop**. En *Cabaliño lento* a voz achégase ao estilo da canción melódica pero o dominio dos sintetizadores pode levar a banda a un terreo próximo ao dream pop de Beach House, tamén pola repetición minimalista dunha base de caixa de ritmos e baixo que remite tanto a Gorillaz como, na súa estrutura, a algunhas danzas do barroco. A letra, con todo, vai nunha liña diferente á das referencias musicais (e novidosa para Ataque Escampe), utilizando o imaxinario medieval dunha maneira ambigua para afondar con tenrura e serenidade nos momentos, cousas e persoas queridas que quizais quedaron xa atrás no tempo.

Ao igual que nos últimos sinxelos da banda, **o tema acompáñase dun vídeo dirixido por David Silva**, que nesta ocasión entra tamén no imaxinario hípico desde unha perspectiva pouco común. Ao estilo dos retratos dos 'screen tests' de Andy Warhol, o director ralentiza a imaxe nun sutil zoom cara atrás para chamar a atención sobre os mínimos xestos do grupo e de Cacique, o cabalo que os acompaña. Desde a premisa sinxela dun único plano frontal, o clip combina a estrañeza de presentar a Ataque Escampe nun retrato ecuestre coa naturalidade que se impón a través dos pequenos azares incontrolables que a cámara rexistra. O vídeo estará dispoñible **desde as 00.00 horas deste venres 31** na súa canle de Youtube.

Contacto de prensa Ataque Escampe

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

prensa@theofficeco.es

Descarga o [kit de prensa](#) de Ataque Escampe

Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Tremendo Audiovisual

Manuel Tarrío - 629 041 750

info@tremendoaudiovisual.com